

A miña irmá e eu xa durmiamos nas nosas habitacións cando, de súpeto, escoitamos un pequeno ruído moi estremecedor que viña da planta baixa da nosa casa. Ao principio non lle demos moita importancia, pero ao pouco tempo o volvemos escoitar.

Esa noite, os nosos pais saíran a cear, así que non podían ser eles.

Xuntámonos na miña habitación e volvemos escoitar o ruído. Démonos conta que cada vez pasaba menos tempo e escóitase con maior intensidade. Por máis que o pensabamos, non atopamos explicación para os ruídos que chegaban da planta baixa da casa. Decidimos poñer un dos nosos móbiles na escaleira e co outro poderíamos vela. De súpeto, no móbil, pareceunos ver de lonxe unha sombra que parecía achegarse ás escaleiras. Non podíamos distinguir ben, pero canto máis se achegaba máis se escoitaba o ruído estremecedor.

A miña irmá e eu mirámonos e a nosa respiración comezaba a descontrolarse ao mesmo tempo que a desesperación por saír desa casa.

Xa se podía escoitar o ruído que facía algún dos chanzos cando alguén subía pola escaleira. Non apartamos os ollos do móbil, pero foi imposible distinguir quen estaba subindo. Volvemos mirarnos aterrorizadas porque notamos unha presenza na habitación e ao darnos a volta, vimos un rostro ao noso carón cun sorriso aterrador.

Era demasiado tarde...

Sarai Pérez Castro